

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 5 de maio de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"4.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS

4.1.- Concesión de subvención á Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña e aprobación do convenio para 2025.

Antecedentes de feito:

No expediente 2025/A004/000012 figura a solicitude da Cámara de Comercio da Coruña do día 17/03/2025 (RE núm. 202599900001512), de apoio económico do Concello de Carballo no sostemento do Viveiro de Empresas da Cámara de Comercio situado no Polígono Industrial de Bértoa, na anualidade 2025, a fin de garantir a súa sustentabilidade; coa instancia xúntase a memoria da subvención. Tamén figura o informe da intervención municipal de data 15/04/2025 así como a retención de crédito desa mesma data.

A proposta do concelleiro delegado de dirección e xestión das Áreas de Promoción Económica e Turismo, que asina tamén a Axente de Desenvolvemento Local, ten data do día 23/04/2025.

O Concello de Carballo considera que é de interese xeral para o conxunto da comunidade a realización de actuacións que potencien o desenvolvemento económico e empresarial do seu termo municipal, que apoiem a creación de novas empresas e axuden a consolidar o tecido produtivo xa existente.

O viveiro de empresas, situado no Polígono Industrial de Bértoa, en Carballo, é un espazo xestionado pola Cámara de Comercio da Coruña e pensado para facilitar a posta en marcha de ideas empresariais durante os seus primeiros anos de vida, así como para ofrecer apoio e servizos para a súa consolidación e crecemento.

Trátase, pois, de unha infraestrutura que actúa como incubadora de proxectos empresariais locais que se asentam no territorio, co consecuente beneficio que iso supón no ámbito do municipio en canto a xeración de riqueza e emprego, así como asentamento poboacional e dinamismo social.

Fundamentos xurídicos

Na Base de Execución vixésima novena, apartado dous, do Orzamento Xeral para 2025 do Concello de Carballo detállanse as subvencións nominativas que se outorgarán no exercicio 2025, conforme co establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións, incorporando unha subvención nominativa a favor da Cámara de Comercio da Coruña, para o financiamento do Viveiro de Empresas por importe de 20.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4330-48900.

A Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña é unha Corporación de Dereito Público, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus obxectivos, que se configura como órgano consultivo e de colaboración coas Administracións Públicas e ten como finalidade a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria, os servizos e a navegación, así como a prestación de servizos ás empresas que exerzan as indicadas actividades, no ámbito da súa demarcación territorial. Esta condición de corporación de Dereito Público e colaboradora das Administracións Públicas é exclusiva das Cámaras de Comercio, non existindo outra entidade similar no ámbito municipal.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos citados, a Xunta de Goberno Local en uso das competencias que delegou a Alcaldía mediante o Decreto 632/2025, do 26 de febreiro (BOP nº 46 de 10/03/2025), por unanimidade, acorda:

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000009

PRIMEIRO.- Aprobar, de acordo coa base vixésima novena, apartado 2 das de Execución do Orzamento da Corporación para 2025, o outorgamento dunha subvención nominativa por importe de 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48900, á entidade “Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña” (Q1573002A) para o financiamento do Viveiro de Empresas.

SEGUNDO.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e a Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña (Q1573002A), correspondente á subvención nominativa outorgada para financiar o Viveiro de Empresas, cuxo clausulado transcríbese a continuación, e proceder á súa formalización.

“Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e a Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña correspondente á subvención nominativa outorgada para o financiamento do Viveiro de Empresas durante 2025

REUNIDOS:

Don Evencio Ferrero Rodríguez, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Carballo, actuando en uso das facultades que ten atribuídas en virtude do artigo 21.1 b da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en representación do Concello de Carballo.

E doutra parte, Don Antonio Couceiro Méndez, Presidente da Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña, cargo que ostenta en virtude de elección efectuada polo Pleno da Corporación en sesión do 24 de febreiro de 2023, e que lle habilita de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 4/2014, do 1 de abril, Básica das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación.

En virtude das competencias que lles corresponden, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación suficientes para formalizar o presente Convenio e MANIFESTAN

Que a Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña, en diante a Cámara, é unha Corporación de Dereito Público, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus obxectivos, que se configura como órgano consultivo e de colaboración coas Administracións Públicas e ten como finalidade a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria, os servizos e a navegación, así como a prestación de servizos ás empresas que exerzan as indicadas actividades, no ámbito da súa demarcación territorial. Esta condición de corporación de Dereito Público e colaboradora das Administracións Públicas é exclusiva das Cámaras de Comercio, non existindo outra entidade similar no ámbito municipal.

Que o Concello de Carballo está directamente interesado na realización de actuacións que potencien o desenvolvemento económico e empresarial do seu termo municipal, que apoiem a creación de novas empresas e axuden a consolidar o tecido produtivo xa existente.

Que a Cámara de Comercio e o Concello de Carballo veñen mantendo, desde hai anos, unha estreita colaboración no campo da promoción económica e apoio a emprendedores, o que permitiu desenvolver actuacións específicas como a posta en marcha da Antena Local, no marco do Programa de Servizos de Proximidade para a pequena e mediana empresa, a posta en funcionamento do Viveiro de Empresas situado no Polígono Industrial de Bértoa ou a organización de Feiras de Emprego no marco do Programa Integral de Cualificación e Emprego (PICE).

Que a Cámara de Comercio e o Concello de Carballo teñen interese en desenvolver máis amplamente esta colaboración mediante o establecemento do presente Convenio de Colaboración, en materia de promoción económica, que permita poñer ao dispor das empresas e emprendedores do municipio de Carballo servizos camerais de valor engadido e, especificamente, dinamizar e potenciar o Viveiro de Empresas da Cámara en Carballo, coadxuvando ao seu sostemento, tendo en conta que actúa como incubadora de proxectos empresariais locais que se asintan no territorio, co consecuente beneficio que iso supón no ámbito do municipio, en canto a xeración de riqueza e emprego, así como asentamento poboacional e dinamismo social.

Desde a súa posta en funcionamento, o Viveiro de Empresas axudou a consolidar un importante número de iniciativas emprendedoras, achegándolles un apoio moi necesario nas primeiras fases de consolidación e crecemento.

Ademais, o Viveiro actúa como lanzadeira de empresas que, ao crecer en dimensión, establécense pola súa conta no propio termo municipal, como o demostran as empresas actualmente instaladas no Polígono de Bértoa e que, no seu momento, arrincaron nel os seus proxectos.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000009

En función das consideracións expostas, o Concello de Carballo e a Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña, coa finalidade de determinar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Carballo e a Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña para o financiamento dos gastos de funcionamento do Viveiro de Empresas.

II.- Actividades a realizar pola entidade beneficiaria

O Viveiro de Empresas deberá permanecer aberto e en funcionamento durante o exercicio 2025 e actuará como incubadora de proxectos empresariais locais que se pretendan asentar no territorio. Servirá tamén como infraestrutura de apoio á creación e consolidación de pequenas e medianas empresas, facilitando a posta en marcha de novas ideas empresariais mediante o apoio durante os seus primeiros anos de vida.

A Cámara poñerá os seus servizos de asesoramento, de maneira gratuíta, ao dispor dos emprendedores do municipio de Carballo que lle sexan remitidos para a súa atención, desde a área de promoción económica do Concello, complementando e reforzando os propios servizos municipais cando así sexa necesario, con especial atención a aqueles proxectos que sexan susceptibles de instalarse no Viveiro de Empresas.

Para estes efectos, establecerase un protocolo de actuación a fin de garantir a correcta atención dos usuarios derivados do Concello á Cámara.

A Cámara organizará no Viveiro de Empresas, en colaboración co Concello, talleres prácticos de autoemprego dirixidos a emprendedores cun proxecto ou idea de negocio, a fin de proporcionarlles coñecementos que permitan poñer en práctica unha idea empresarial, analizando as ferramentas necesarias para a súa posta en marcha, así como identificar as fases do plan de empresa, os principais requisitos para a súa elaboración e outros aspectos de interese.

A Cámara apoiará e complementará as infraestruturas físicas do Concello, coas instalacións do seu Viveiro de Empresas sito no municipio de Carballo, podendo ceder para o seu uso salas de reunións, aulas de formación e despachos do Viveiro de Empresas, previa petición do Concello, para o desenvolvemento de actuacións municipais na área de promoción económica.

III.- Financiamento do Concello de Carballo e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade

1. O Concello contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento do Viveiro de Empresas, cunha aportación máxima de 20.000 € (vinte mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48900 do orzamento municipal para 2025.

2. En ningún caso a achega económica do Concello poderá superar o 100% dos gastos de funcionamento do Viveiro en que incorrese a Cámara. A subvención do Concello de Carballo é compatible coa percepción de outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

3. Non obstante, no caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Publicidade e financiamento municipal.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades subvencionadas, xa sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou redes sociais e similares, deberase facer constar o financiamento do Concello de Carballo.

2. Así, figurará en lugar visible e destacado o logotipo do Concello de Carballo.

V.- Pagamento.

1. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira aportada na documentación de solicitude da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa da achega municipal.

2. En canto ao pagamento é de aplicación o establecido na cláusula VII.

VI.- Xustificación: prazo e documentación xustificativa

1. O prazo de xustificación da subvención rematará o 30 de novembro de 2025, debendo a entidade beneficiaria presentar a seguinte documentación:

- a) Memoria de actuación suscrita polo representante legal da Cámara, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no presente convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pago.
- c) Copias das facturas e xustificantes de pago, que deberán estar comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2025.
- d) Declaración de axudas, subvencións ou ingresos, públicos ou privados, solicitados ou obtidos para a mesma finalidade.
- e) Certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social
- f) Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula cuarta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento do Concello de Carballo.

2. De conformidade con disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo establecido sen que se recibira xustificación algunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Cámara para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

VII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. A Cámara deberá estar ó día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e posteriormente, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, co Concello de Carballo e coa Seguridade Social.

2. O Concello de Carballo comprobará o cumprimento de ditas obrigas.

VIII.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Cámara destinará os fondos recibidos ao pago dos gastos xerados pola actividade subvencionada.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito o crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 €.

3. A Cámara deberá contar con un rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- Control financeiro do Concello de Carballo e dos órganos de control externo.

O beneficiario deberá someterse ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello realicen, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como da aplicación dos fondos percibidos, aportando tanta información sexa requirida. De igual forma quedarán sometidos ás actuacións que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia ou o Tribunal de Contas.

X.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pago ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, del 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2025/G007/000009

3. Se se produce atraso no prazo de xustificación e non excede de un mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por cento do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención á Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña.

XII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

O presente convenio terá vixencia, con carácter retroactivo a efectos da conta xustificativa de gastos, desde o día 1 de xaneiro de 2025 e ata o 31 de decembro de 2025.

XIII.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Suplementariamente aplicarase a legislación de contratos do sector público.
2. Para levar a cabo o seguimento deste Convenio, así como para resolver as dúbidas que puidesen suscitarse con motivo do seu desenvolvemento, formarase unha Comisión Técnica de Seguimento, formada por un representante da Cámara e un representante do Concello.
3. Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes, así como a denuncia por calquera das partes do incumprimento das súas cláusulas mediante aviso previo comunicado de forma fidedigna, cunha antelación mínima de tres meses.
4. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desa xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir a consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de maio de 2025.

E en proba de conformidade asinan exemplar do presente convenio en lugar e data indicados no encabezamento."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.

O alcalde